



RSS coas fases da lúa

O documento que se presenta a continuación contén a descrición das etiquetas incluídas no arquivo en formato RSS coa predición para as fases da lúa.

Convén ter en conta que a información relacionada coa estrutura do ficheiro RSS presentárase en cursiva.

A información está contida nas dúas etiquetas ou tags principais `<rss><channel>...</channel></rss>`.

Na descrición do resto das etiquetas distinguiremos dous bloques: as etiquetas propias do formato RSS e as que se deberán ter en conta para descargar a información en formato XML.

Parámetros que acepta o RSS

A este RSS pódese pasar un só parámetro para especificar o idioma.

O parámetro é `request_locale` e debe ir seguido dun valor que especifica o idioma. Os posibles valores son:

- `es` para o castelán.
- `gl` para o galego.

Por exemplo, para obter o RSS en castelán escribirase:

http://servizos.meteogalicia.es/rss/predicion/rssLuas.action?request_locale=gl

Etiquetas propias do RSS

title: Título do RSS, que neste caso será “Fases da lúa” (se o idioma elixido é o galego).

link: Ligazón á páxina web de Meteogalicia que mostra as fases da lúa.

description: Similar a *title*.

item: Bloque de etiquetas que constitúe propiamente a información referida ás fases lunares. As descritas a continuación neste apartado son as específicas do formato RSS:

- *title*: Título da fase da lúa (ex. “Lúa nova”, se o idioma elixido é o galego) e data de inicio da mesma. Esta data atópase en horario local.
- *link*: Ligazón á páxina web de Meteogalicia que mostra as fases lunares.
- *description*: Contén a data de inicio da fase lunar que se indica no *title*.
- *guid*: Ligazón á páxina web de Meteogalicia que mostra as fases lunares.

Etiquetas con información das fases da lúa

Están contidas na etiqueta `<item>...</item>` e son as seguintes:

Luas:data → Contén a data de inicio da fase lunar. Esta etiqueta contén un atributo denominado *descripcion* coa descrición (no idioma correspondente) para este campo.

Luas:estado → Contén o nome da fase lunar (ex. “Lúa nova”, se o idioma elixido é o galego ou “Luna nueva”, se o idioma elixido é o castelán). Esta etiqueta contén un atributo denominado *descripcion* coa descrición para este campo.

Luas:idLua → Contén un identificador numérico para a fase da lúa:

- 0 – Lúa nova
- 1 – Cuarto crecente
- 2 – Lúa chea
- 3 – Cuarto minguante

Esta etiqueta contén un atributo denominado *descripcion* coa descrición (no idioma correspondente) para este campo.



Exemplo dun bloque representativo

```
<item>
  <title>Cuarto creciente 15/09/2010 05:49</title>
  <link>http://www.meteogalicia.es/mg-web-
base/predicion/maritima/maritimaIndex.action?request_locale=es</link>
  <description>15/09/2010 05:49</description>
  <guid>http://www.meteogalicia.es/mg-web-
base/predicion/maritima/maritimaIndex.action?request_locale=es</guid>
  <Luas:data descripcion="Fecha de inicio de la fase lunar">15/09/2010
05:49</Luas:data>

  <Luas:estado descripcion="Fase lunar">Cuarto creciente</Luas:estado>
  <Luas:idLua descripcion="Identificador de la fase lunar">1</Luas:idLua>
</item>
```